



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación,
Industria e Emprego

A/a das familias,

A Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego está a colaborar co grupo de investigación en Política Educativa, Historia e Sociedade do departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña na elaboración dunha investigación co propósito de avanzar no exercicio da participación da infancia na súa cidade e na súa inclusión como cidadanía activa, así como fortalecer as formas e as prácticas de participación do colectivo de infancia e adolescencia nos municipios.

Os obxectivos cara aos que se orienta o proxecto de investigación son os seguintes:

- 1.º Coñecer o estado da participación infantil en municipios que forman parte da Rede Estatal de Cidades Educadoras (RECE).
- 2.º Identificar os marcos representacionais que os axentes socioeducativos teñen sobre a cidadanía da infancia e a súa participación na cidade.
- 3.º Avanzar nas formas de participación infantil que propoñen os nenos e nenas a partir do codiseño de recursos e accións para a súa contorna e municipio.
- 4.º Transferir os avances en participación política da infancia «en» e «desde» os grupos de nenos e nenas.

De cara a coñecer a situación actual da realidade coruñesa neste ámbito elaborouse unha enquisa en liña para rapaces/as de 10 a 14 anos. No enlace que achegamos aparece un video explicativo, así como un consentimento informado para pas/nais ou titores legais do menor e o propio cuestionario, que estará operativo durante todo o mes de novembro.

https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/?page_id=6415

Con este carta queremos solicitarlle a colaboración do seu fillo ou filla de entre 10 e 14 anos neste estudo e agradecerlle que o autoricen a cubrir a enquisa que se atopa na ligazón anterior.

Para obter máis información sobre o estudo “Infancia e participación” poden premer no seguinte link: <https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/>

Reciban un cordial saúdo,

Jesús Javier Celemín Santos

Concelleiro de Educación, Memoria histórica, Innovación, Industria e Emprego